

GALEGO SEN FRONTEIRAS

**XXXV Edición dos Cursos de verán  
de lingua e cultura galegas**

Cursos destinados a persoas  
de fóra de Galicia

Niveis: elemental, medio e superior

**3 a 24 xullo de 2025**

**Santiago de Compostela**

**Secretaría técnica dos cursos**

Liliana Martínez

Instituto da Lingua Galega

Praza da Universidade, 4

15782 Santiago de Compostela

Tfnos.:

Abril, maio e xuño: (0034) 881 995 268

Xullo: (0034) 881 812 822

[cursos@academia.gal](mailto:cursos@academia.gal)

[www.academia.gal](http://www.academia.gal)



# GALEGO SEN FRONTEIRAS

## Cursos de verán de lingua e cultura galegas

XXXV edición (3 a 24 xullo de 2025)

Cursos destinados a persoas de fóra de Galicia

Niveis: elemental, medio e superior

- **Nivel elemental.** O alumnado deste nivel distribuirase previsiblemente en dous grupos, segundo o grao de comprensión da lingua, mediante a realización dunha proba de nivel.
- **Nivel medio,** destinado a quen xa realizou o curso elemental ou demostre un coñecemento básico do idioma mediante a realización dunha proba de nivel.
- **Curso superior de lingüística e de literatura galegas,** para quen cursou o nivel medio ou acredite un bo dominio da lingua galega.

**Directora:** María López-Sández

**Secretaría académica:** María Álvarez de la Granja

Inscrición:





## A lingua e o territorio

O galego é a lingua propia de Galicia, un territorio situado no noroeste da Península Ibérica. Fálase nas catro provincias que compoñen a Comunidade Autónoma, así como nos territorios estremeiros das provincias de Asturias, León e Zamora. Dos 2 700 000 habitantes desta comunidade, cerca de 1 200 000 usan habitualmente o galego. A estas cifras cómpre engadir case 1 000 000 de emigrantes por toda a Europa occidental, os EUA e América do Sur. En Galicia tamén se fala o castelán, lingua que se foi introducindo ao longo da historia e tivo ao seu favor o carácter de lingua do estado e o prestixio social. O galego, malia a situación de minorización, perviviu como lingua propia, conta cunha rica literatura medieval e tamén na actualidade e esperta o interese no contexto románico e mundial.

## A situación legal da lingua galega

- O galego é **lingua propia** de Galicia.
- O galego é **lingua oficial** na Comunidade Autónoma de Galicia desde 1981, o mesmo ca o castelán.
- Os poderes públicos teñen o **deber** de promover o coñecemento e a utilización do galego.
- Toda a cidadanía galega ten o **dereito de coñecer e de empregar o galego** en todos os ámbitos da vida pública.
- O ensino do galego e do castelán é **obligatorio** en todos os centros escolares.

## Santiago de Compostela

Santiago de Compostela é a capital de Galicia e atópase situada aproximadamente no centro do seu territorio. Foi declarada en 1985 Patrimonio Cultural da Humanidade pola Unesco. O seu nacemento e o desenvolvemento como núcleo urbano está ligado polo feito, en parte histórico, en parte mítico-relixioso, do descubrimento do sartego do Apóstolo Santiago e o culto subseguinte creado ao seu redor: xerou desde a Idade Media unha corrente de peregrinacións articulada arredor do Camiño de Santiago, que foi o primeiro Itinerario Cultural Europeo recoñecido polo Consello de Europa. O principal monumento é a súa catedral, e ten unha zona vella con monumentos importantes, xunto cunha parte nova, moitos parques e zonas de recreo.

Santiago de Compostela tamén é coñecida pola súa universidade, que conta con máis de 500 anos de antigüidade. As súas facultades acollen a máis de 20 000 estudantes e están repartidas en tres campus: o campus histórico (con varias facultades na zona vella), o campus Norte e o campus Vida (campus de excelencia internacional), situados estes en dous extremos da cidade.

Santiago de Compostela está ben comunicada co resto de Galicia, tanto por estrada coma por ferrocarril. As praias máis próximas atópanse a uns trinta minutos en automóbil.

## Viaxe e aloxamento

Santiago de Compostela ten un aeroporto internacional a dez quilómetros da cidade. Conta cunha estación de ferrocarril e outra de autobús que a comunican con diferentes puntos de España e Portugal.

Ao ser unha cidade que recibe cada ano centos de miles de turistas, conta con abundante oferta de hoteis e restaurantes.

## Inscripción

Para inscribirse nos cursos unicamente se require ter cumpridos 18 anos e enviar a ficha de inscrición á secretaria dos cursos.

O prazo para a recepción das solicitudes remata o  
**4 de abril de 2025.**

Pode realizar a inscrición no enderezo:

**<https://cursoslinguagalega.academia.gal/inscripcion/>**

A preinscrición quedará formalizada cando a persoa solicitante reciba un correo electrónico como xustificante de recepción.

## Bolsas

A organización ofrece: 45 bolsas por un importe de 400€ para persoas residentes fóra de Galicia e 5 bolsas de 600€ reservadas para persoas procedentes de América Latina; nos dous casos haberá exención de pagamento de matrícula. E, ademais, 15 bolsas que eximen do pagamento da matrícula, mais que carecen doutra retribución económica.

O candidato ou candidata debe enviar a través do formulario o seu curriculum vitae e unha carta de presentación dun profesor ou profesora de Universidade, así como todos os méritos que considere de interese. O prazo para a recepción de documentación remata o día **4 de abril**.

Os criterios para a concesión das bolsas serán:

1. Concederáse polo menos unha bolsa por cada centro de estudos galegos solicitante.
2. Continuidade dos estudos iniciados en anteriores convocatorias nestes cursos de verán.
3. Currículum e grao de interese da persoa polos cursos e / ou pola lingua e literatura galegas (demostrable mediante a realización de estudos ou investigacións, por exemplo).
4. Carta de presentación dun profesor ou profesora que avale a persoa solicitante.

## Matrícula

Unha vez rematado o prazo de inscrición, a organización dos cursos outorgará as bolsas.

– A resolución provisional publicárase o día **21 de abril**.

- As persoas beneficiadas terán ata o día **6 de maio** para comunicar a súa aceptación da axuda económica. De se produciren renuncias, as persoas suplentes serán as beneficiarias das bolsas.
- O prazo límite para formalizar a matrícula será o **20 de maio**.

Aquelas persoas que non solicitaron bolsa ou ás que non lles foi concedida recibirán unha notificación por correo electrónico na que se indicará, no caso de seren aceptadas, o prazo que teñen para ingresar, en concepto de reserva de matrícula, a cantidade de 100 euros.

O importe total da matrícula é de 200 euros e nel están incluídos o dereito a clases, visitas e certificados. Os 100 euros restantes deberán ingresarse antes do **17 de xuño**.

O importe de 100 euros en concepto de reserva de matrícula, así coma o resto da matrícula, debe ser ingresado nos prazos indicados na conta **IBAN ES97 2080 0008 3130 4003 5673, de ABANCA, con BIC: CAGLEMMXXX**, rúa das Orfas, 4, 15703 Santiago de Compostela, facendo constar “Cursos de verán” e o nome e os apelidos da persoa que se matricula.

## Recepción

A recepción do alumnado terá lugar o **3 de xullo** en horario de 10.00 a 12.00 horas no Instituto da Lingua Galega (USC).

Ese día entregaranse a cada persoa matriculada o horario e a programación do curso e resolveranse posibles dúbidas sobre cuestións relacionadas coa organización.

Recepción do alumnado:  
**Instituto da Lingua Galega (USC)**  
Praza da Universidade, 4  
15782 Santiago de Compostela  
GALICIA (España)



# GALICIAN WITHOUT FRONTIERS

## Summer courses of Galician language and culture

XXXV edition (July, 3-24 2025)

Courses for students from outside Galicia

Levels: elementary, intermediate, advanced

- **Elementary level**, for those who study Galician for the first time. Students at this level will be divided into two groups, according to their degree of comprehension of Galician, which will be ascertained through a level test.
- **Intermediate level**, for those students who did the elementary course or alternatively for those who show through a level test that they have an elementary knowledge of Galician.
- **Advanced course of Galician linguistics and literature**, aimed at students who did the intermediate level or alternatively at those who can prove they have an intermediate level of fluency in Galician.

**Director:** María López-Sández

**Academic Secretary:** María Álvarez de la Granja

Inscription:





### The language and the country

Galician is the native language of Galicia, a country in the northwest of the Iberian Peninsula. Galician is spoken in the four provinces which compose the autonomous region of Galicia, and in the neighbouring areas of Asturias, León and Zamora. About 1.2 million of the 2.7 million Galician inhabitants usually speak Galician, as well as nearly 1 million emigrants scattered throughout Western Europe, the USA and South America. Spanish is also spoken in Galicia, especially in towns. Spanish was gradually introduced over the centuries, and it was favoured by its official status and social prestige. Galician, despite its minoritized status, has survived as a native language, boasts a rich medieval literature as well as a contemporary one, and arouses interest in both the Romance and global contexts.

### Legal status of Galician

- Galician is the **language of Galicia**.
- Galician is the **official language** of the Autonomous Community of Galicia from 1981, along with Spanish.
- Public authorities have a **duty** to promote the use of Galician.
- Every citizen of Galicia has the **right to know and to use** Galician in all areas of public life.
- Teaching in both Galician and Spanish is **mandatory** in school at all levels.

## Santiago de Compostela

Santiago de Compostela is roughly located in the geographical centre of Galicia. It was declared World Cultural Heritage Site by UNESCO in 1985. The emergence and development of the city are linked to the discovery, which is partly historical and partly mythical-religious, of the tomb of Saint James the Apostle in the early Middle Ages. As a site of worship from very early on, it became the destination of a series of pilgrimages which are known as the Way of Saint James, which was recognized as the first European Cultural Route by the Council of Europe. The most important historical monument in Santiago is the cathedral. There are many other important sites in the old town. Santiago also has a new town, and many parks and recreation areas.

Santiago de Compostela is also well-known for its university, which is over 500 years old. Nowadays, it has more than 20,000 students and its colleges and faculties are distributed in three campuses: the Historical campus, which has a number of faculties in the old town; the North campus, and the Life campus, which was recognized as a campus of international excellence. The latter two are located at opposite ends of the city.

The city is well communicated with the rest of Galicia, both by car and by train. The closest beaches are only 30 minutes away by car.

## Travel and accommodation

Santiago de Compostela has an international Airport, situated about 10 km from the city centre. In addition, it has a bus and a railway station that link the city with various parts of Spain and Portugal. Since Santiago de Compostela is a tourist destination that receives thousands of visitors each year, a wide range of hotels and restaurants are available.

## Inscription

The only requirements are to be at least 18 years old and to submit the application form by **April 4th, 2025**.

The application must be done in the following web address:

**<https://cursoslinguagalega.academia.gal/inscripcion/>**

Pre-registration will be confirmed once the applicant receives an email acknowledging receipt.

## Scholarships

There are 45 grants of €400 each for applicants residing outside Galicia and 5 grants of €600 each for those coming from Latin America. Grant recipients will be exempt from paying tuition fees. Additionally, 15 tuition-only grants, which do not include any other financial support, will also be available.

Candidates must submit their CV and a recommendation letter from a university lecturer via the application form, along with any other relevant supporting documents.

The criteria for awarding grants are as follows:

1. At least one student from each Galician Studies Centre must receive a grant.
2. Previous participation in these summer courses will be considered an advantage.
3. The candidate's CV and demonstrated interest in these courses and in Galician language and literature, which can be evidenced, for example, through academic studies or research projects.
4. A reference letter from a university lecturer.

## Enrolment

After the pre-registration deadline, the course organizers will allocate the grants.

- A provisional list of recipients will be published on **April 21th**.
- Recipients will must confirm acceptance of the grant to the course organizers by **May 6th**. If any recipients decline the offer, the grants will be awarded to candidates on the waiting list in order of ranking.
- The official deadline for registering in the course is the **20th of May 2025**.

Candidates who did not apply for a grant, or were not awarded one, will receive an email with a deadline for paying €100 as a registration deposit if they are accepted.

The total registration fee is €200, which includes classes, course excursions and certificates. The remaining €100 must be paid before the **June 17th**.

The €100 registration deposit and the remaining registration fee must be paid into the following ABANCA account: **IBAN ES97 2080 0008 3130 4003 5673 (Code BIC: CAGLESMMXXX)**, Rúa das Orfas, 4, 15703 Santiago de Compostela.

The payment must include the payer's name and "Cursos de verán" as a reference.

## Reception

Students will be received on the **July 3rd** from 10 a.m. to 12 p.m. at the Instituto da Lingua Galega (USC). Each student will be given a timetable and a course programme. Should students require further information about the organization of the course, it will be duly provided there.

Students reception:

**Instituto da Lingua Galega (USC)**

Praza da Universidade, 4

15782 Santiago de Compostela

Galicia (España)



GALEGO SEN FRONTEIRAS

**XXXV Edición dos Cursos de verán  
de lingua e cultura galegas**

Cursos destinados a persoas  
de fóra de Galicia

Niveis: Elemental, medio e superior

**3 a 24 xullo de 2025**

**Santiago de Compostela**

**Secretaría técnica dos cursos:**

Liliana Martínez

Instituto da Lingua Galega

Praza da Universidade, 4

15782 Santiago de Compostela

Tfnos.:

Abril, maio e xuño: (0034) 881 995 268

Xullo: (0034) 881 812 822

[cursos@academia.gal](mailto:cursos@academia.gal)

[www.academia.gal](http://www.academia.gal)